

ACTA

Arzúa, 24 de outubro de 2017

Ás 10.00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello, rúa Santiago, n.º 2, réunese o tribunal cualificador que valorará o **exercicio de carácter práctico** do proceso de selección, polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de **técnico/a de normalización lingüística**, na modalidade de funcionario/a interino/a, para realizar as funcións previstas na base segunda das que rexen a oposición, cunha xornada ordinaria de traballo de vinte e cinco horas semanais, durante un período de dous anos contado desde a toma de posesión da persoa que resulte seleccionada, de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de maio de 2017.

Asisten a este acto as seguintes persoas integrantes do tribunal cualificador:

- Presidenta.-Inés Dorado Fernández (*técnica coordinadora de normalización lingüística da Deputación Provincial da Coruña*).

- Vogais:

- Ruth Otero Vilar (*xefa de servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*).

- Armando Requeixo Cuba (*secretario do servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*).

- Joaquim Vázquez Rodríguez (*técnico de normalización lingüística do Concello de Melide*)

- Secretario.- Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

Logo de ver que existe o quórum suficiente para a válida constitución do tribunal cualificador, -de conformidade co disposto no artigo 17 n.º 2 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público-, a presidenta procedeu a declarar constituído o tribunal da proba, que consistirá en realizar un suposto práctico relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario que figura no anexo I das bases que rexen a oposición.

A presidenta e os tres vogais elaboraron, para o a proba práctica, un exercicio que consistiu en reescribir correctamente un oficio, seguindo as normas e as recomendacións da actual linguaxe administrativa.

A seguir, procedeuse a dar comezo á proba no Salón de Sesións, a onde foron entrando as aspirantes para realizala.

Comprobase que non comparecera o aspirante David Cobas Medín.

Entregouse ás aspirantes presentadas o folio co suposto práctico.

Antes de comezar, o tribunal informou ás aspirantes das seguintes cuestións:

- Que o exercicio se cualificaría de 0 a 20 puntos e que, para superalo, sería necesario obter un mínimo de 10 puntos.

- Que as bases que rexen a oposición conteñen a previsión de que “Rematado o tempo de duración do exame o tribunal poderá determinar a lectura do exercicio se o considera conveniente, quedando capacitado para realizar as preguntas que considere tanto en relación coa exposición do caso práctico como en relación ao temario da convocatoria especificado no anexo I. A lectura do

exercicio, de ser o caso, non poderá ser superior a 20 minutos para cada un dos aspirantes”.

-Que o tempo máximo para realizar o suposto práctico sería de 60 minutos, desde as 10.20 ata as 11.20 horas.

Logo de rematar o prazo dos sesenta minutos, realizouse a corrección dos catro exercicios.

Como resultado da corrección, o tribunal cualificador, por unanimidade, outorgou as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Puntuación proba práctica
Beatriz Galiano Leis	10,67
David Cobas Medín	NP
Isabel Núñez Freire	11,33
Isabel Figueira Salgueiros	12
Tamara Dosantos Delgado	10

A seguir, o tribunal cualificador adoptou os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web unha copia da acta estendida desta reunión, para que as interesadas poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio.

Segundo: Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, determinouse pola suma das puntuacións acadadas no exercicio teórico e no exercicio práctico. Despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polas aspirantes foron as seguintes:

Nome e apelidos	Puntuación exercicio teórico	Puntuación exercicio práctico	TOTAL
Beatriz Galiano Leis	23,75	10,67	34,42
Isabel Figueira Salgueiros	17,5	12	29,5
Isabel Núñez Freire	17,5	11,33	28,83
Tamara Dosantos Delgado	16	10	26

Terceiro: Formularlle ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionaria interina, para desenvolver o posto de traballo de técnica de normalización lingüística, a favor da aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser Beatriz Galiano Leis, co obxecto de realizar as funcións previstas na base segunda das que rexen o proceso de selección.

Cuarto: Concretar que para o suposto de que a aspirante proposta non puidese acreditar -dentro dos tres días previstos na base décimo segunda- os requisitos necesarios para efectuar o seu nomeamento, ou renunciase a ser nomeada, a proposta de nomeamento trasládase a favor da seguinte ou seguintes aspirantes, pola orde de puntuación total obtida.

Quinto: Dispor a súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento das interesadas e efectos de reclamacións ou de calquera outro posible

acto impugnatorio e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na base décimo segunda das que rexen a oposición.

Dáse por rematado o acto ás 14.50 horas. Redáctase a presente acta, que asinan as persoas do tribunal cualificador para que conste no expediente. De todo o cal eu, o secretario, dou fe.